

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A mesa de Contratación, na sesión do 15 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1333-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos mesmos da mesa que en data 28 de novembro de 2022 notificouse a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. o acordo de clasificación de data 25 de novembro de 2022, requeríndolle a documentación correspondente en virtude do artigo 150.2 LCSP.

Revisada a documentación presentada por ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. en data 15 de decembro de 2022, a mesa acorda por unanimidade dar un prazo de 3 días para a emenda da mesma. En concreto, dado que non están en posesión da clasificación alternativa establecida no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) deberán presentar a documentación establecida no apartado 5 do PCAP. Lémbrese que este apartado establece, entre outros, o seguinte:

"C) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato. Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

D) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL:

Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato."

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **19 de decembro de 2022**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2022 14:47	Páxina 1 de 2
1333-441	CSV: AEACBH-CHBAD9-B1E1CA-HFS4NT-1FVJW9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Advérteselle de que, conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP, de non presentarse a documentación requirida en prazo, entenderase que retira a súa oferta, o que dará lugar a esixirle ao licitador o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade así como a imposición dunha prohibición de contratar, pola causa prevista no artigo 71.2.a do LCSP "retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou haber imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia".

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

Jmv/

A secretaria da Mesa de Contratación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2022 14:47	Páxina 2 de 2
1333-441	CSV: AEACBH-CHBAD9-B1E1CA-HFS4NT-1FVJW9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		